

## Como encher o formulario?

- **COLECTIVO:** Identificar quen somos
- **LOCALIDADE:** Enderezo
- **PERSOA DE CONTACTO:** Interlocutor/ Responsable colectivo
- **TELÉFONO:** Medio de contacto
- **DATA E HORA PREVISTA:** Selección dunha data. As visitas realizaranse os xoves e a petición débese facer con 30 días de antelación.
- **ASISTENTES:** Indicar o número de persoas participantes
- **MOTIVO DA VISITA:** Breve descrición dos motivos da solicitude
- **E-MAIL:** Medio de contacto
- **OBXECTO DA VISITA:** A visita inclúe o percorrido polas instalacións do Centro Integrado de Atención de Emerxencias 112 Galicia (CIAE112) e a Base do Grupo de Apoio Loxístico (GALI), ambos situados no recinto da Academia Galega de Seguridade, no Concello de A Estrada, Avenida da Cultura s/n CP 36680.

## Configuración da visita

- A resposta á solicitude realizarase nun prazo máximo de 15 días
- Será necesario identificación e DNI de todos os participantes
- Os grupos deberán ser dun máximo de 15 persoas. De superar o número establecido, dividirase aos visitantes en dous grupos, que farán o percorrido de forma sucesiva
- A visita é guía e terá unha duración aproximada de 120 minutos
- O contido da visita adaptarase ás características do grupo
- O percorrido comprende as instalacións do Centro Integrado de Atención ás Emerxencias (CIAE) 112 de Galicia e do Grupo de Apoio Loxístico e Intervención da Axencia Galega de Emerxencias
- Para finalizar, ofrecerase aos asistentes un questionario para coñecer o grao de satisfacción da visita

## Ademais...

- Esta actividade realízase con respecto á normativa de europea protección de datos (Regulamento UE 2016/679) e a Lei Orgánica do Estado 3/2018 do 5 de decembro. Por iso,
  - Xunto coa confirmación da visita, recibirán a **información necesaria** sobre as condicións que rexen esta actividade co fin de que poidan dar o seu consentimento en relación ao **uso e publicación** do material audiovisual recollido durante a actividade

## Tamén é importante recordar que:

- A realización desta actividade está suxeita ás necesidades do servizo. En caso de non poder realizarse, disporase unha data alternativa.
- Se o grupo non se presenta á hora acordada, pasados 20 minutos anularase a visita
- As visitas estarán suspendidas entre o 15 de xuño e o 15 de setembro



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

